

SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 13/05/2019

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

SONIA OUTÓN CASAL

LINO MOURIÑO SANTIAGO

PAOLA MARIA MOCHALES

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

SECRETARIO/A

MARÍA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:15 horas do día 13/05/2019 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 02-may-2019, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2019/2066

En relación coas propostas de gasto que se van a tratar na presente Xunta de Goberno Local, comunícase o seguinte:

1) Dáse conta do informe da Intervención Municipal en relación coas propostas de gasto engadidas na Xunta de Goberno Local de 13 de maio de 2019. Tendo en conta o límite previsto no artigo 118.3 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, para contratos menores que no prazo de 12 meses naturais, illada ou conxuntamente, non poderán superar para un mesmo provedor as contías de 15.000 € para servizos e subministros e 40.000 € para obras.

2) Dáse conta do informe do Órgano de Contratación (Alcaldía), no que se indica que os contratos menores dende o 9 de marzo de 2018, que afectan aos provedores que figuran nos expedientes que se pretenden someter á aprobación da Xunta de Goberno Local de 13 de maio de 2019, son os seguintes e cumpren co disposto no apartado primeiro citado:

a) PROVEDORES QUE CUMPREN OS LÍMITES CUANTITATIVOS DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A APROBAR	DATA XGL	CUMPRE
AGRUP. CORO P. STA. EULALIA	G36197721	335,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CORAL ROSALIA DE CASTRO	G36457745	225,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CUL. CORAL SOBRADELO	G36216414	450,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CUL. FOLC. UNION PIÑEIRA DE GUILLAN	G94007911	315,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CUL. LUMARADA	G94150414	350,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CUL. MOCEDADE DA TORRE	G36185817	225,00 €	13/05/2019	SÍ

ASOC. CUL. N. S. XUNQUEIRA	G36160430	268,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CUL. NOS	G36043933	391,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CUL. OS XIRIFEIROS	G36439792	391,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. CULT. MALVEIRAS	G36136679	225,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. FOLCLORICA FROALLO	G36198927	391,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. MULLERES RURAIS XIABRE	G36264901	1.800,00 €	13/05/2019	SÍ
ASOC. OS TERRIBLES DE AROUSA	G36436947	616,00 €	13/05/2019	SÍ
BAÑOS PRINT, S.L.	B36252872	3.839,78 €	13/05/2019	SÍ
BAYGAR, S.L.	B12019659	631,62 €	13/05/2019	SÍ
CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA	G94093598	1.500,00 €	13/05/2019	SÍ
CASER SEGUROS Y REASEGUROS,A.A.	A28013050	329,73 €	13/05/2019	SÍ
CONTROL E INSPECCION REGLAMENTARIA SL	B94053659	17.133,60 €	13/05/2019	SÍ
CRESPO GOMEZ CARLOS	15373039T	338,80 €	13/05/2019	SÍ
EVEN PLOT, S.L.	B94155330	9.000,00 €	13/05/2019	SÍ
GONZALEZ CRUCES, MANUEL	36125944M	1.764,64 €	13/05/2019	SÍ
INTERMACO, S.L.	B36146892	5.309,03 €	13/05/2019	SÍ
MADERAS J. REDONDO, S.L.	B36158897	515,47 €	13/05/2019	SÍ
MARTINEZ NIETO, JULIA	51947869T	352,94 €	13/05/2019	SÍ
MR. MISTO PRO AND SER, S.L.	B94173705	1.694,00 €	13/05/2019	SÍ
NOVAS GOMEZ, EDELMIRA	35425535S	1.800,00 €	13/05/2019	SÍ
OFIMATICA AROSA, S.L.	B36378586	386,23 €	13/05/2019	SÍ
PIROTECNIA PENIDE, S.L.	B15209430	2.020,70 €	13/05/2019	SÍ
POGHOSYAN GHARIBYAN, TIGRAN	49206973Z	1.258,40 €	13/05/2019	SÍ
RODRIGUEZ CUIÑA, TERESA	35441551T	4.840,00 €	13/05/2019	SÍ
SKETCH SYSTEM, S.L.	B15535271	2.749,94 €	13/05/2019	SÍ
TEATRO DE ADRO, S.L.	B15627359	2.200,00 €	13/05/2019	SÍ
TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	B36365369	1.252,35 €	13/05/2019	SÍ
VIDAL MENDOZA, PABLO	35451618Q	10.224,50 €	13/05/2019	SÍ

SEGUNDO: PROVEDORES QUE CUMPREN O LÍMITE CUANTITATIVO DO ARTIGO 118:

PROVEDOR	CIF	PROPOSTA A	DATA XGL	CUMPRE
GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	F36019289	171.600,00 €	13/05/2019	NON
MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	A08171373	756,07 €	13/05/2019	NON

b) Nos expedientes anteriormente citados non se está alterando o obxecto do contrato coa finalidade de evitar a aplicación das regras xerais de contratación (Lei 9/2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/1106

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Triturados do Saiar, S.L.** para o subministro de material e transporte para preparar terreos para aparcamentos disuasorios, por un importe total de 6.534,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 133-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1117

Vista a proposta do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **TRANS IBAI PORT, S.L.** por 150 horas da pá Retro Domatlsu 175w, para preparar terreos para aparcamentos disuasorios, por un importe total de 8.167,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 133-210.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1467

Visto o informe do Encargado do Servizo Municipal de Emerxencias que indica que recentemente a agrupación de voluntarios ven de adquirir un vehículo Ford Transit Custom matrícula 7683 HWH, destinado ó transporte de persoal e de persoas con mobilidade reducida, que substitúe ó Ford Transit matrícula 5557 GKR que ven de causar baixa como ambulancia. A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar a cesión en uso do vehículo Ford Transit Custom, matrícula 7683 HWH, e sexa incluído na relación de vehículos cedidos que figura no convenio de cooperación asinado entre o Concello de Vilagarcía e a Agrupación de Voluntarios de Porección Civil deste Concello, con data 9 de maio de 2017.
- Que se proceda á baixa no convenio, do vehículo Ford Transit matrícula 5557GKR.

PRP2019/1961

Visto o escrito remitido por D. Juan Latorre, Presidente do **Club Windsurfing Latorre**, solicitando autorización para realizar unha actividade ao aire libre na Praia de Bamio, o día 18 de maio e vista a resolución da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización para a realización das actividades citadas na praia de Bamio e colaboración do Concello cunha embarcación, para a celebración da concentración de Windsurf e Kitesurf.

PRP2019/1962

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento

presentado por **Intermaco, S.L.** polo material para reparar beirarrúas en distintas rúas, por un importe total de 5.309,03€(IVE engadido), con cargo á partida 453-210,

- Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1963

Visto o informe da Policía Local en relación cos escritos presentados por D. Antonio Saborido Fernández e D. José Manuel Cancelo Castrelo, por danos sufridos nas súas vivendas logo do incendio dunha nave no Polígono Industrial de Trabanca Badiña. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir as citadas queixas á empresa de produtos químicos onde se orixinou o incendio (Impex Europa) coa finalidade de que se poñan en contacto cos afectados.

PRP2019/1965

Visto o escrito de Dona Rocio Louzán Blanco, Presidenta do **Centro Comercial Aberto Zona Aberta**, solicitando autorización para instalar unha mesa informativa de ruta de senderismo para colaborar coa asociación de cáncer de mama metastásico o día 4 de maio, na Praza de Galicia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo cumprir as seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000,00€
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2019/1967

Vista a proposta do Arquitecto Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teleservicio Instalaciones de Oficina, S.L.** para o o subministro de tres armarios metálicos con estantes regulables en altura e portas de persiana e pechadura, por un importe total de 1.252,35€ (IVE incluído), con cargo á partida 150-62500.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1968

Dáse conta do informe da Policía Local en relación co escrito recibido pola Consellería de Infraestructuras sobre a colocación de sinalización de limitación de velocidade e anuncios dos controis de radar nas estradas PO-548, PO-549, PO-301, PO-305, PO-192. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir o proxecto elaborado pola Policía Local para colocación

de sinalización, na estrada de Bamio.

PRP2019/1970

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Ofimática Arosa, S.L.** para o subministro dunha cadeira de oficina con soporte cervical, para o técnico de RRHH, por un importe total de 386,23€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1971

Visto o informe da Policía Local en relación ó escrito presentado por D. Luciano Martínez de las Heras para que sexa aranzado ou repostado o espello no acceso ao campo de Fútbol de Berdón. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda dar conta a Mario Vázquez encargado do servizo de sinalización para o seu arranxo.

PRP2019/1972

Vista a proposta da Área de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Dketch System-Digipress** para o subministro dun xogo de tintas para o plóter, por un importe total de 2.749,94€ (IVE e portes incluídos), con cargo á partida 926.22000.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1973

Vista a proposta da Área de Comunicación, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Teresa Rodríguez Cuiña** para a adxudicación de traballos de tradución ao inglés dos textos do portal de turismo/publicacións turísticas, por un importe total de 4.840,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 432-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1974

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 01 de abril de 2019 de adxudicación a Sepymedical, S.L. para o subministro de material auxiliar para equipación de desfibriladores de propiedade municipal.

Onde dí: por un importe total de 1.084,94€

Debe dicir: por un importe total de 1.018,94€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixer o citado erro.

PRP2019/1975

Dáse conta do calendario para a constitución da Corporación Local

CALENDARIO PARA A CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN LOCAL

1) FINALIZACIÓN DO MANDATO. (26 DE MAIO AO 14 DE XUÑO)

1. Finalización do mandato: Goberno en Funcións (26 de maio ao 14 de xuño)
2. Última sesión da Xunta de Goberno Local do mandato actual ((10 de xuño de 2019)
3. Aprobación actas anteriores (12 de xuño) Pleno/Xunta de Goberno Local/Xerencia de Urbanismo
4. Cese Persoal Eventual (14 de xuño)
5. Cese adicacións exclusivas e parciais, asemesmo das percepcións económicas dos membros da Corporación (14 de xuño)
6. Comprobación do Inventario Municipal de Bens (14 de xuño)
7. Acta de Araueo extraordinaria (14 de xuño)

2) ACTUACIÓNS PREVIAS E CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN: DO 26 DE MAIO AO 15 DE XUÑO.

Remisión pola Xunta Electoral de Zona ao Concello da acta de proclamacións de electos

Entrega de credenciais dos/as Concelleiros/as na Secretaría

Presentación de declaración de intereses dos membros da Corporación saínte e entrante:

- Declaración de causas de posible incompatibilidade e calquera actividade que lles proporcione ou poda proporcionar ingresos económicos.
- Declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas.
- Liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

3) Convocatoria da sesión constitutiva **(12 de xuño)**

4) Constitución da Corporación **(15 de xuño)**

5) Elección do Alcalde **(15 de xuño)**

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2002

Vista a proposta do Encargado do Servizo de obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa **Baygar, S.L.** para o aluguer de baños para a praia Preguntoiro, por un importe total de 631,62€ (IVE incluído), con cargo á partida 4591.203.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2036

Dáse conta da solicitude realizada para dar de alta en todos os documentos administrativos o Camiño Mingoliña en Faxilde. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a alta do Camiño Mingoliña en Faxilde, xa existente con esa denominación.

Dar conta a Correos aos efectos oportunos.

EMPREGO

PRP2019/1777

Dáse conta da Orde do 4 de abril de 2019, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos ás persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 (código de procedemento TR353B).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º- Aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego laboraxov 2019 baseado na realización das seguintes obras de utilidade colectiva:

- Asistencia operativa aos Servizos Municipais de Emerxencias e a Fundación Municipal de Deportes nas actividades de socorrismo en espazos naturais e nas instalacións acuáticas de titularidade municipal.
- Promoción turística local para a posta en valor dos recursos naturais e patrimoniais do municipio en xeral e facendo fincapé na Ruta Marítimo Fluvial do Camiño de Santiago e da Ruta de Peregrinaxe do Padre Sarmiento.

Para a realización destas obras o número de persoas participantes será de 16 distribuídas nas seguintes especialidades:

- Socorrismo en espazos acuáticos (AFDP0209/AFDP0109).
- Promoción Turística Local e información ao visitante (HOTI0108)

2º. Aprobar a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria da subvención correspondente de CENTO OITENTA MIL VINTE E UN EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (180.021,28)

3º. A aprobación da dotación orzamentaria, de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000€) para o financiamento da parte do custo do proxecto que non sexa subvencionado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, con cargo ás partidas 2412.22799; 2412.131 e 2412.16000.

PRP2019/1999

Dáse conta de Resolución da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se concede unha subvención a este Concello por importe de 146.499,3 € ao abeiro da Orde do 12 de decembro de 2018, para contratación por un período de 9 meses, a xornada parcial (75%), de 15 traballadores/as desempregados/as (Peóns), en situación ou risco de exclusión social perceptoras do RISGA e inscritas no SPEG como persoas demandantes de emprego, correspondendo aportar ao Concello 52.883,55 €. (Expte. TR351F2019 42-5)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aceptar a subvención concedida e designar como membro do grupo mixto de selección en representación do Concello de Vilagarcía de Arousa a Dona Iria Camba Rey, Coordinadora da Área de Servizos Sociais, e como suplente a Dona Carmen María Abalo Fernández, Traballadora Social do Servizo.

PRP2019/2000

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2019, presentada por Fundación Amigos de Galicia

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda non conceder a axuda solicitada, dado que o contrato cuxa subvención se solicita formalizouse a tempo parcial, non cumprindo os requisitos establecidos na convocatoria, que establece:

.... a tempo completo (en calquera das modalidades contractuais vixentes), cunha duración

mínima de seis meses.....

PRP2019/2001

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 18", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Maderas J. Redondo SL** para o subministro de taboleiros de faia, faia vaporizada e taboleiros MBC-H, para a elaboración de mobiliario destinado á Axencia de Lectura de Carril por parte dos alumnos da especialidade de Carpintería e Moble, por un importe total de 515,47 € (IVE incluído), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2019/1992

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos e escolas infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa para o curso 2019-2020, cun orzamento total de 13.500,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (7.500,00 €) e 320.48003 (6.000,00 €), con posibilidade de ampliar 1.500,00 € con cargo ao sobranse do Plan Madruga, realizando dúas convocatorias, a 1ª do 10 ao 30 de xuño e a 2ª do 1 ao 15 de setembro, coa seguinte desagregación:

- Primeira convocatoria por importe de 12.150,00 €:

- Con cargo á partida 231.48003 por importe de 6.750,00 €
- Con cargo á partida 320.48003 por importe de 5.400,00 €

- Segunda convocatoria por importe de 1.350,00 €:

- Con cargo á partida 231.48003 por importe de 750,00 €
- Con cargo á partida 320.48003 por importe de 600,00 €

PRP2019/1993

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases da convocatoria de subvencións para o financiamento do Plan Madruga nos centros sostidos con fondos públicos de Educación Infantil e primaria de Vilagarcía de Arousa no an 2019, cun importe total de 10.000,00 €, con cargo á partida 320.48003.

As principais características da convocatoria son:

- Unha axuda de 100 €/mes para cada ANPA por un mes completo.

- Non se require un número mínimo de usuarios.

- Establécese unha convocatoria aberta para cada un dos períodos do calendario escolar, de xuño a xuño e de setembro a decembro.

- Os prazos de solicitude son do 27 de maio ao 16 de xuño e do 15 de setembro ao 15 de outubro.

- Os prazos para a xustificación son do 1 ao 21 de xullo e do 1 ao 21 de decembro.

PRP2019/1995

Dáse conta de proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música para aprobar a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música, e visto o orzamento presentado por D **Tygran Poghosyan Gharibyan** por importe de 1.258,40 € (IVE incluído), a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D **Tygran Poghosyan Gharibyan** a revisión técnica (afinación, regulación e entoación) de 13 pianos (3 de cola e 10 pianos verticais) do Conservatorio Profesional de Música no mes de novembro de 2018, co obxectivo de manter os instrumentos nunhas condicións óptimas de uso para o comezo do curso académico 2019-20, polo importe citado de 1.258,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22799.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1997

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á contratación dos seguros de sinistros e responsabilidade civil derivados da Celebración da II Edición do Festival Internacional de Música clasclas 2019, aprobando o orzamento presentado por Caja de Seguros Reunidos, CIA de Seguros y Reaseguros SA-CASER (Wilis Towers Watson Galicia Correduría de Seguros SA), por un importe total de 329,73 €, con cargo á partida 3261.224, coa seguinte desagregación:

- Póliza sinistros Becarios e participantes, por importe de 202,35 €
- Poliza Seguro de Responsabilidade civil, por importe de 127,38 €

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2063

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Baños Print SL** para os gastos de imprenta con motiva da celebración da II Edición do Festival de Música Internacional Clasclas 2019, por un importe total de 3.839,78 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.22602.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/1630

Dáse conta da Proposta da Concellería de Educación en relación coa resolución dos recursos/reclamacións presentados contra a resolución da concesión/denegación de axudas para estudos universitarios e ciclos superiores do curso 2017/2018, presentados polos seguintes interesados:

INTERESADO	MOTIVO DENEGACIÓN	ARGUMENTO QUE FORMULA	RESOLUCIÓN PROPOSTA
ISABEL PELETEIRO	Non atendeu o requirimento	Que a entregou no Servizo	Desestimar o recurso
ISAAC CORES IRAGO	Ciclo Superior	Estudos de Master	incrementar a axuda en 200 €
LAURA PEREZ HERRERA	Ciclo superior	Grao en Bioloxía	incrementar a axuda en 200 €
PAULA PEDRIDO LOZANO	Falta de consignación	4 membros na unidade familiar	Conceder axuda de 400 €

Vistos os informes emitidos polo Técnico de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Desestimar o recurso presentado por Dona Isabel Peleteiro
- Estimar os recursos presentados por D. Isaac Cores Irago; Dona Laura Pérez Herrera e Dona Paula Pedrido Lozano

Acórdase que pola Intervención Municipal se proceda a realizar o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

MERCADOS

PRP2019/1998

Dáse conta do escrito presentado por **Dona M^a Teresa Da Silva Pinto**, solicitando un posto para exercer a venda ambulante, por si ou por persoa autorizada (D. José María Barros Da Silva), no mercado semanal de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co establecido no Capítulo II, Artigo 10 do Regulamento Municipal de Venda Ambulante do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicado no BOPPO N^o 223, de 20 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá presentar a seguinte documentación:

- Modalidade de venda que se pretende exercer e emprazamento do posto solicitado.
- Tempo polo que se solicita a autorización e dimensións, expresadas en m² e metros lineais, do espazo de ocupación que pretende, indicando se a venda se pretende realizar en posto desmontable ou dende un vehículo.

- Declaración responsable na que farán constar necesariamente os seguintes extremos:

- Que cumpre todos os requisitos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que está en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.
- Que se compromete a manter o seu cumprimento no prazo de vixencia da autorización.
- Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto de venda.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2019/2003

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, de data 7 de marzo de 2019, de concesión de subvencións para a dinamización lingüística para o ano 2019, concedendo a este Concello a cantidade de 15.000 € para a "Creación ou mantemento do servizo de normalización lingüística".

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2019/2005

Dáse conta do acordo da Subdirección Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico de arquivo das actuacións correspondentes ao expediente de denuncia contra o Concello de Vilagarcía de Arousa en relación cun vertido de augas residuais ao dominio público hidráulico na

rúa Rodrigo de Mendoza no TM de Vilagarcía de Arousa (Clave DH.D36.62871).
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2006

´Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de abril de 2018, en relación coa subsanación de deficiencias en base á Resolución da Alcaldía de 28 de decembro de 2018, onde quedaba condicionado o recoñecemento de obriga a dita subsanación, figurando no mesmo:

"...A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente, ás entidades seguintes:

- Comunidade de Montes en man común Parroquia de Rubiáns
- Comunidade de Montes Veciñais en man comun de Trabanca Sardiñeira
- Comunidade de Montes de Trabanca Badiña
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Guillán
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Sobrán e Vilaxoán"

E debendo figurar:

"...A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a subsanación coa finalidade de que se proceda a facer efectivo o recoñecemento de obriga e orde de pago correspondente, ás entidades seguintes:

- Comunidade de Montes en man común Parroquia de Rubiáns
- Comunidade de Montes Veciñais en man comun de Trabanca Sardiñeira
- Comunidade de Montes de Trabanca Badiña
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Guillán
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Sobrán e Vilaxoán
- Comunidade de Montes veciñais en man común de Cea."

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

TURISMO

PRP2019/2004

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases que rexerán as Rutas marítimas en Galeón no verán de 2019, polo arquipélago de Cortegada, de conformidade co convenio de colaboración suscrito coa Asociación Rompetimóns de Carril.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2019/2007

dáse conta de Sentenza nº 59/2018, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra, de data 1 de xuño de 2018 , ditada en autos do Procedemento Ordinario nº 268/2016, a cal ten carácter de firme ao ser confirmada en grao de apelación, na que se declara a inadmisibilidade do recurso presentado pro Dona Beatriz Coira Ríos, motivado por reclamación de danos sufridos o 21 de abril de 2014, cando paseaba pola Rúa Castelao.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

CULTURA

PRP2019/2008

Dáse conta do informe-proposta do Xefe do Servizo de Emerxencias para a adxudicación do contrato menor para a realización das revisións técnicas da montaxe das atraccións de feira instaladas durante as festas de Santa Rita e San Roque, e das ofertas presentadas seguintes:

- CONTROL E INSPECCIÓN REGLAMENTARIA, S.L. (CEIRE) que ofrece o prezo de:
 - 295,00 €/atracción (IVE excluído), dado un total para 27 atraccións de 7.965,00 € (IVE excluído), sendo o importe total (IVE incluído 21%) de 9.637,65 € para as Festas de Santa Rita.
 - 295,00 €/atracción (IVE excluído), dado un total para 21 atraccións de 6.195,00 € (IVE excluído), sendo o importe total (IVE incluído 21%) de 7.495,95 € para as Festas de San Roque
 - TOTAL. 17.133,60 €
- Enmacosa Consultoría Técnica SA, que ofrece o prezo de:
 - 312,00 €/atracción (IVE excluído), dado un total para 27 atraccións de 8.424,00 € (IVE excluído), sendo o importe total (IVE incluído 21%) de 10.193,04 € para as Festas de Santa Rita
 - 312,00 €/atracción (IVE excluído), dado un total para 21 atraccións de 6.552,00 € (IVE excluído), sendo o importe total (IVE incluído 21%) de 7.927,92 € para as Festas de San Roque
 - TOTAL: 18.120,96

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para a realización das revisións técnicas da montaxe das atraccións de feira durante as Festas de San Roque á Empresa **CONTROL E INSPECCIÓN REGLAMENTARIA, S.L. (CEIRE)** polo prezo de 17.133,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22799, por ser a oferta mais vantaxosa para o Concello.

PRP2019/2009

Vista a Proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización unha "Homenaxe a Juan Vidal Lemiña", o día 17 de maio na Praza da Liberdade de Carril coa programación do Concerto do Día das Letras Galegas, coa seguinte desagregación:

- Pablo Vidal Mendoza:

- Concerto Letras Galegas 2019 - "Galicia Fermosa": 4.174,50 € con cargo á partida 334.2637.
- Gravación e edición de 500 Cds "Galiica Fermosa": 6.050,00 €, con cargo á partida 926.2260201.

- Carlos Crespo Gómez: Maquetación do libro "Galicia Fermosa" e Deseño das carátulas Cds, por importe de 338,80 € con cargo á partida 926.2260201

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2010

Vista a proposta da Concillería de Cultura e o informe de Intervención, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Prestar aprobación ó orzamento das **Festas de Santa Rita/2019**, a celebrar os días 18, 19, 20, 21 e 22 de maio de 2019, por un importe total de 64.723,97 €, coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 338.22199: 1.000,00 €
- Con cargo á partida 338.224: 756,07 €
- Con cargo á partida 338.225: 2.000,00 €
- Con cargo á partida 338.22602: 5.750,00 €
- Con cargo á partida 338.22699: 3.000,00 €
- Con cargo á partida 338.22799: 23.395,70 €

CONCEPTO/PROVEEDOR	C.I.F.	ORZAMENTO	PROVISIÓN FONDOS
MITIK RECORDS, S.L. (Concerto de Jaime Urrutia o día 18 de maio de 2019)	B-63571582)	10.672,20€	10.672,20€
MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A. (Póliza de Responsabilidade Civil de Festexos)		756,07€	756,07€
TOTAL PROVISIÓN DE FONDOS			11.428,27€
LOGEVENT S.L. (actuación da orquestra CLAXXON o día 19 de maio de 2019)	B-94152444	3.025,00€	O prazo e forma para facer efectivo o pago, segundo o establecido en contrato: Será nun prazo de 15 días a presentación da factura mediante transferencia bancaria. Aprobado en X.G.L. de data 01-04-2019
MADERAS METALES Y RITMO S.L.U. (actuación da orquestra Los Satélites o día 20 de maio de 2019)	B-70521463	3.630,00€	O prazo e forma para facer efectivo o pago, segundo o establecido en contrato: Será nun prazo de 15 días a presentación da factura mediante transferencia bancaria. Aprobado en X.G.L. de data 01-04-2019
DENA DEBS S.L.U. (actuación da orquestra El Combo Dominicano o día 21 de maio de 2019)	B-76218478	7.865,00€	O prazo e forma para facer efectivo o pago, segundo o establecido en contrato: Será nun prazo de 15 días a presentación da factura mediante transferencia bancaria. Aprobado en X.G.L. de data 01-04-2019
IRAQUERE S.L. (Actuación da orquestra Passarela o día 22 de maio de 2019)	B-94058435	3.630,00€	O prazo e forma para facer efectivo o pago, segundo o establecido en contrato: Será nun prazo de 15 días a presentación da factura mediante transferencia bancaria. Aprobado en X.G.L. de data 01-04-2019
TEATRO DO ADRO (Concerto de Factoria De Subsistencia o día 18 de maio)	B-15627359	2.200,00€	O prazo e forma para facer efectivo o pago, Será nun prazo de 15 días a presentación da factura mediante transferencia bancaria.
MR. MISTO PRO (Festivaliño on the road)	B-94173705	1.694,00€	
ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS DE FONTECARMOA (IV EDICIÓN ENCONTRO FOLCLÓRICO SANTA RITA O DÍA 19 DE MAIO)	G-9409598	1.500,00€	
EVEN PLOT, S.L. (producción técnica e artística de concerto Jaime Urrutia+Factoria de Subsistencia o día 18 e concerto de Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre o día 21 de maio)	B-94155330	9.000,00€	
XEMA Comunicación Global S.L.	B-70141288	4.149,00€	
PIROTÉNIA PENIDE S.L. (BOMBAS)	B-15209430	2.020,70€	
PASACALLES E CORAL: GRUPOS DE GAITAS E BAILE: -ASOCIACIÓN CULTURAL LUMARADA (C.I.F. G-94150414) -ASOCIACIÓN CULTURAL NÓS DE SOBRADELO (C.I.F.: G-36043933) - ASOCIACIÓN CULTURAL UNIÓN FOLCLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA DE GUILLÁN (C.I.F.: G-94007911)) GRUPO DE GAITAS TREBOADA - ASOCIACIÓN CULTURAL OS TERRIBLES DE AROUSA (C.I.F: G-36436947.)	350,00€ 391,00€ 315,00€ 391,00€		

- AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA "FROALLO" - Grupo de Gaitas (C.I.F.: G-36198927)	391,00€		
- ASOCIACIÓN CULTURAL A NOSA SRA. DA XUNQUEIRA (C.I.F.: G-36160430)	268,00€		
- ASOCIACIÓN CULTURAL OS XIRIFEIROS (C.I.F.: G-36439792)	391,00€		
- CORO PARROQUIAL STA. EULALIA - Coral (C.I.F.: G-36197721)	335,00€		
TOTAL GASTO DE PASACALLES E CORAL		2.832,00€	
IMPRESA PARA PROGRAMAS DAS DISTINTAS ACTIVIDADES		750,00€	ESTIMATIVO
TASAS AUTORIDADE PORTUARIA		2.000,00€	ESTIMATIVO
SOCIEDADE GENERAL DE AUTORES E EDITORES		3.000,00€	ESTIMATIVO
PRENSA, RADIO, TV.,		5.000,00€	ESTIMATIVO
GASTOS VARIOS (ALUGUER DE MATERIAL, XARDÍN, ELECTRICIDADE, OBRAS)		1.000,00€	ESTIMATIVO
TOTAL ORZAMENTO		64.723.97€	
TOTAL PROVISIÓN DE FONDOS			11.428,27€

2. A provisión de fondos polo importe de 11.428,27 € a favor da habilitada Dona Luz M^a Abalo pérez.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2011

Dáse conta da sinatura de contratos entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas axencias colocadoras de artistas para as actuacións das festas de Santa Rita 2019:

- LOGEVENT SL (Orquestra Claxxon): 3.025,00 € (IVE incluído)
- Maderas Metales y Ritmo SLU (Orquestra Los Satélites): 3.630,00 € (IVE incluído)
- Dena DBS SLU (Orquestra el Combo dominicano): 7.865,00 € (IVE incluído)
- IRAQUERE SLS (Orquestra passarela): 3.630,00 € (IVE incluído)
- MITIK RECORDS SL (Jaime Urrutia): 8.820 € (+IVE)

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2012

Dáse conta dos contratos asinados entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e as distintas compañías que forman parte da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios para o primeiro semestre de 2019 dentro do convenio de colaboración entre o Concello e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), aprobado en XGL de data 07/01/2019, seguintes:

- CONTRAPODUCIÓNS SL
- ARETA GONZÁLEZ BOLADO

- FRANCISCO AGUSTÍN SIEIRA GONZÁLEZ
- M^a ESTHER FERNÁNDEZ CARRODEGUAS
- CAYETANO LLEDÓ MARTINEZ

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2019/2013

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Mulleres Rurais e Consumidoras Perla de Arousa de Renza, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Impartir curso de calceta dende o 2 de abril ata o 13 de agosto, os martes 3,5 h. cada día	1.050,00 €	EDELMIRA NOVAS GÓMEZ
Impartir curso de costura dende o 18 de agosto ata o 30 de decembro, 2,5 horas cada día	750,00 €	EDELMIRA NOVAS GÓMEZ

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2019/2014

Vista a solicitude de D. Manuel Antonio Couceiro Cachaldora, Cura Párroco de San Pedro de Fontecarmoa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas de San Pedro en Fontecarmoa, os días 22 e 23 de xuño:

- Actuación do Grupo Folclórico Mocidade da Torre por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/2015

Vista a solicitude de D. Manuel Rey Fresco, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das Festas de San Antonio en Faxilde, o vindeiro día 16 de xuño:

- Actuación do Grupo da Asociación Cultural Os Terribles de Arousa por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2019/2016

Vista a solicitude de Dona Lourdes Durán Pereira, Presidenta da Asociación Círculo Artístico Deportivo Gato Negro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración do día das Letras Galegas o día 17 de maio de 2019:

- Asociación Cultural Malveiras por un importe de 225,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

